

DECRETO

EXCMO. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 11/2024): CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE LUGO “ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **878.242,00 euros** dentro do vixente orzamento desta Corporación, prorrogado do exercicio 2024.

Visto o informe de Intervención do 19.11.2024, Ref.: 1666/2024, emitido en contestación á Providencia da Excm. Sra. Alcaldesa do 18.11.2024.

Considerando o disposto nos artigos 182 do RDL 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e as Bases de execución do mencionado Orzamento e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación ven determinada pola existencia de recursos financeiros suficientes derivado dos compromisos de ingreso da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do convenio asinado para a EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE LUGO “ET EDENDO LUCUS:UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU.

Veño a resolver:

A aprobación do presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de **878.242,00 euros**, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE LUGO “...ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Estado de Gastos

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac7631073179342961363.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 11/2024 PXTO TURÍSTICO NEXT GENERATIONEU

CP 23MRRXX43201- PROXECTO TURÍSTICO E GASTRONÓMICO NEXT GENERATION

<i>Aplicación Orzamentaria</i>	<i>C.P.</i>	<i>Importe</i>
43200.22699	23MRRXX43201	367.264,00 €
43200.60900	23MRRXX43201	510.978,00 € €
TOTAL		878.242,00 €

Estado de Ingresos: Finanzamento**ESTADO DE GASTOS CON FINANZAMENTO AFECTADO****INGRESOS EFECTIVOS****CP 23MRRXX43201- PROXECTO TURÍSTICO E GASTRONÓMICO NEXT GENERATION****Aportación externa: Ingresos efectivos da Axencia de Turismo de Galicia**

<i>Concepto de Ingreso</i>	<i>C.P.</i>	<i>Importe</i>
45080	23MRRXX43201	367.264,00 €
75080	"	510.978,00 €
TOTAL		878.242,00 €

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.

A Excma. Sra. Alcaldesa

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)